alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense



Día Internacional das Penseas con Discapacidade
"ARRINOS O NOSTRO PARAGUAS PELA DOAZÓN
DE ÓRGANOS E A CALIDADE DE VIDA"
#BaixoCMemoriaParaguas



CAMPAÑA APPEAR

A nosa entidade en conxunto coa Federación Nacional de Asociacións ALCER (FNA) e o resto de alceres provinciais, colabora na campaña APPEAR (Programa de Concienciación a Pacientes sobre la Resistencia a Antiinfecciosos y Antimicrobianos (Antibióticos). O principal obxectivo desta campaña é sensibilizar á poboación sobre o risco do uso de medicamentos infecciosos sin receita e os problemas que poden xurdir no organismo pola resistencia aos antibióticos.

[Video presentación APPEAR](#)



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)

STAND RECINTO FERIA EXPOURENSE

A través desta actividade ofrécese información sobre a insuficiencia renal e sobre a doazón de órganos a un número moi importante de persoas que acoden a cada unha das feiras celebradas ao longo do ano, aínda que neste ano 2020, por causa da pandemia non se puido realizar esta actividade. O stand, habitualmente, pode manterse gracias á elaboración de horarios por parte da traballadora social, sendo voluntarios e colaboradores da Asociación os que o atenden. O material empregado consiste en trípticos e folletos explicativos, ademais da información verbal que da a persoa que atende o stand.

6. PROGRAMA DE CONVIVENCIA ENTRE SOCIOS E FAMILIARES

SORTEO DE MAGOSTO

Coas restricións establecidas pola Consellería de Sanidade debido á pandemia do coronavirus, non se puido celebrar a tradicional comida anual de Magosto de ALCER Ourense, pero o grupo Cuevas fíxonos igualmente unha doazón de 4 lotes de agasallos que foron sorteados entre os nosos socios e socias e gravado nun [vídeo](#) ao que podedes acceder no noso canal de Youtube.



COLABORA:

CUEVAS ALIMENTACIÓN



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

7. ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COAS FEDERACIÓNS

ALCER Ourense forma parte de 3 Federaciós:

- A Federación provincial de Asociacións de Discapacitados Físicos de Ourense
[DISCAFIS-COGAMI](#)
- A [Federación ALCER Galicia](#)
- A [Federación Nacional ALCER](#)

Con cada unha delas se levaron a cabo as seguintes actividades:

FEDERACIÓN DISCAFIS-COGAMI

Este ano non se realizaron campañas nin actividades en colaboración con esta Federación.

FEDERACIÓN ALCER GALICIA


Programa Sinerxias:

Día Mundial do Ril:

Elaborouse unha nota de prensa conxunta e buscouse unha homoxeneidade nas actividades entre os membros da Federación, no que destacamos que estaban previstas a colocación de mesas informativas e a realización de probas preventivas de glucosa e tensión arterial realizadas por persoal sanitario en varias mesas da comunidade autónoma, así como a entrega simbólica de augas á poboación. Lamentablemente, debido á pandemia provocada polo coronavirus, non foi posible a realización das mesmas e cada entidade provincial levou unha campaña de concienciación a través das redes sociais.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense



ACTIVIDADES DE APOIO DURANTE A PANDEMIA POR COVID-19:

A Federación ALCER Galicia (FAG) implantou unha serie de servizos para as persoas con enfermidade renal dos ALCER de cada provincia de Galicia para prestar apoio tanto durante o confinamento que conlevou o estado de alarma como na “nova normalidade”. Tal e como se indica no apartado “[Atención integral a través de servizos da Federación Alcer Galicia e da Federación Nacional Alcer](#)” puxéronse en funcionamento durante a pandemia o servizo de Atención psicolóxica, así como o grupo de apoio “Compartindo experiencias con ALCER”. En relación ao servizo de Atención psicolóxica, indicar que con cada persoa que detectamos que podía precisar dunha atención especializada foi derivada ao servizo, tras o cal a psicóloga se puxo en contacto co/coa paciente, realizando unha valoración da necesidade e da frecuencia da atención. Unha vez realizada a valoración iniciouse de forma independente o tratamento e unha vez finalizada a intervención, en caso de ter sido necesaria, foi entregado ao ALCER provincial un informe.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

En canto ao Grupo de apoio, este foi levado pola psicóloga da FAG en colaboración con outros profesionais, como puideron ser traballadoras sociais, un sexólogo, unha nutricionista, que a acompañaron puntualmente nas diferentes sesións, conforme ás demandas que ían plantexando os e as participantes.

As sesións foron mantidas a través da aplicación Skype, o que permitiu a conexión a distancia de participantes de toda Galicia. En total foron mantidas 9 sesións ao longo do ano.

Non se inclúen capturas de pantalla das sesións nesta Memoria por ser unha actividade da FAG na que participaron persoas doutras entidades e para salvaguardar a súa identidade por motivos de protección de datos.

Día do Doador de Órganos:

Este ano, debido á Covid-19 non podendo realizarse actividades presenciais a Federación ALCER Galicia fixo difusión nas súas redes sociais dun vídeo de fomento da doazón de órganos coa participación de técnicos, xunta directiva e voluntariado.

Federación Alcer Galicia
1 de junio · 🌐

Este mércores é o Día do Doante de Órganos e, a pesar da situación que estamos a vivir, desde #FederaciónAlcerGalicia non queremos deixar de celebralo, así que esta semana irémosvos contando moitas cousas desde aquí 🥰

Para empezar aquí están as actividades que van levar a cabo os distintos ALCER provinciais, non volas perdais! 🥰🥰🥰
#donaresamar #DoaréDoado2020

**DÍA DO DOANTE DE ÓRGANOS ALCER CORUÑA
3 DE XUÑO DO 2020
#doaredoado2020**

DIFUSIÓN	COLOQUIOS ONLINE
• Apoio á causa: Cultura (tv, cine, teatro, literatura, artes plásticas...)	• O transplante e a mellora na calidade de vida Data: 2/06/2020 16:30 horas
• Encontro entre a doazón de medula e a doazón de órganos. 15 anos despois Data: 3/6/2020 10:00 horas	

REDES SOCIAIS

• Testemuños de persoas con enfermidade renal

• Encontro entre a doazón de medula e a doazón de órganos. 15 anos despois
Data: 3/6/2020 10:00 horas

• Apoio á causa:
Cultura (tv, cine, teatro, literatura, artes plásticas...)

Alcer cinema
alcercinema
alcercinema
alcercinema

alcercinema.org

ACTIVIDADES DEL DÍA DEL
DOADOR DE ÓRGANOS

TELÉFONO CONTACTO: 979 21 95 95

1 de Xuño do 2020
DÍA DO DOADOR DE ÓRGANOS

Obradoiro “Discapacidade na enfermidade renal”

O 17 de setembro a Federación ALCER Galicia organizou un obradoiro no Parque da Solaina na Valenzá (Barbadás), sobre discapacidade na enfermidade renal.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: @AlcerOurense



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Impartido pola traballadora social, Ana Salgado, diferenciamos a discapacidade da dependencia, vimos o procedemento de solicitude e detallamos a fase da entrevista, con consellos para acadar unha puntuación acorde á nosa realidade. Nesta actividade participaron 3 persoas.



Programa Medro con ALCER:

A Federación ALCER Galicia puxo en funcionamento no ano 2018 un Programa de atención a menores con ERC en Galicia e ós seus familiares, contando con profesionais que atenden a poboación das 4 provincias e cuxos obxectivos son desenvolver e implantar un programa de intervención psicosocial cos/cas menores con Enfermidade Renal Crónica (ERC) e as súas familias de Galicia, tratando de comprender, predicir e cambiar a súa conduta social, axudándolles a adaptarse á enfermidade, así como modificar aqueles aspectos nocivos da súa contorna, coa finalidade de mellorar a súa calidade de vida, así como establecer bases sólidas de coordinación entre todas as partes implicadas dentro do proceso de atención sociosanitaria.

I Encontro virtual de Familias con menores con enfermidade renal de Galicia:

O xoves 25 de xuño, reuníronse de forma virtual 7 das familias que participan no Programa Medro da Federación ALCER Galicia. A traballadora social da asociación ALCER Ourense

ALCER OURENSE. CIF: G-52.011.071, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1992

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

colaborou neste evento, que foi trasladado ó ámbito virtual por causa da pandemia vixente, para aportar ás familias unhas pinceladas sobre as axudas e prestacións ás que poden acceder se o seu fillo/a solicita a valoración do grao de dependencia.

Por parte de técnicos/as propios/as da devandita Federación tamén se lles falou da axuda que dende o Programa se lles pode proporcionar a nivel educativo, realizouse unha valoración do estado actual de creación de unidades asistenciais de menores con enfermidade renal en Galicia, e pedíuselle ás familias que valoren os Encontros anteriores e que aproveitasen para aportar as súas demandas de necesidades de cara á organización de futuros Encontros, plantexando que poidan ser provinciais en lugar de autonómico.



II Encontro virtual de Familias con menores con enfermidade renal de Galicia:

O martes 25 de agosto, parte do equipo técnico que forma parte da federación galega, reuniuse de forma virtual con 4 das familias que participan no Programa Medro da Federación ALCER Galicia.

Neste encontro, as traballadoras sociais da Federación levaron a cabo unha presentación sobre os recursos existentes, tanto a nivel autonómico como estatal, aos que poden acceder os seus fillos/as por ser menores e ter enfermidade renal crónica. Tamén se falou da situación actual na que nos atopamos pola pandemia da COVID-19 e polas inxedanzas e medos que

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

teñen os pais pola volta os colexios, xa que a día de hoxe non hai un protocolo establecido para os menores que presentan algunha patoloxía crónica, como neste caso son os menores con ERC.



III Encontro virtual de Familias con menores con enfermidade renal de Galicia:

O xoves 15 de outubro, parte do equipo técnico que forma parte da federación galega, reuniuse de forma virtual con 5 das familias que participan no Programa Medro da Federación ALCER Galicia.

Neste encontro, contouse coa colaboración da nutricionista de ALCER Lugo que levou a cabo unha presentación sobre a alimentación nas persoas con enfermidade renal crónica nos diferentes estadios que ten a enfermidade. Ao finalizar a presentación abriuse unha quenda de preguntas para todas aquelas familias que quixeran preguntar algunha dúbida ou contar a súa situación persoal.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)

IV Encontro virtual de Familias con menores con enfermidade renal de Galicia:

O xoves 12 de novembro, parte do equipo técnico que forma parte da federación galega, reuniuse de forma virtual con 2 das familias que participan no Programa Medro da Federación ALCER Galicia.

Nesta sesión decidiuse contar de novo coa colaboración da nutricionista de ALCER Lugo, Natalia, que levou a cabo unha presentación sobre a alimentación nas persoas con enfermidade renal crónica nos diferentes estadios que ten a enfermidade, onde fixo fincapé na importancia de variar a nosa alimentación e facer dela un momento alegre do día a pesar das restricións que esta conleva.

Ao finalizar a presentación abriuse unha quenda de preguntas para todas as persoas que quixeran preguntar algunha dúbida ou contar a súa situación persoal.



Recollida tapóns en colaboración con ASDENT

Ao longo do ano 2020, a nosa entidade en colaboración coa asociación ASDENT, a través da Federación ALCER Galicia(FAG) co programa MEDRO, fixo a primeira entrega de tapóns coa que se está colaborando desde fai uns meses, e coa que contamos con varios puntos de recollida a nosa cidade.

O que se pretende con esta colaboración é conseguir financiación para a investigación para o síndrome de Dent que afecta o funcionamento renal de nenos e nenas que a padecen.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Dende a nosa entidade realizáronse as seguintes entregas:



28 de agosto:



30 de outubro:



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

30 de novembro:



30 de decembro:



FEDERACIÓN NACIONAL ALCER

Webinar “Introducción á atención á sexualidade das persoas con ERC”:

Na tarde do 15 de abril, o noso persoal técnico participou nunha formación introductoria sobre atención á sexualidade nas persoas con ERC da Federación Nacional ALCER en formato de webinar, impartido polo coordinador, sexólogo e traballador social da Federación ALCER Galicia. Aproveitando o confinamento para aprender e atender cada día mellor.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Grabando

Introducción a la atención de la sexualidad de las personas con ERC

EL SEXO DETRÁS DE TODO


La intervención se verá mejorada si se añaden cuestiones sexuales/eróticas, que no se expresan y son importantes. Qué sucede con:

- Mi relación de pareja.
- Las salidas del armario.
- La vivencia de la maternidad/paternidad.
- Ligar fuera del circuito habitual del comer y del beber.
- La educación en prevención para personas con ERC.
- Manejo de prácticas eróticas.
- Relación con mis genitales.
- **Dificultades eróticas frecuentes: erecciones y deseo.**

Alfreda, 68 años

Formación do Grupo da Muller ALCER:

O 23 de abril pola mañá as nosas compañeiras do [Grupo Mujer ALCER](#) de Federación Nacional ALCER, da que forma parte a nosa traballadora social, Carmen Dorado, participaron nunha formación por videoconferencia co título "Una mujer, muchas mujeres. La intersectorialidad de la discriminación de la mujer" dirixida por Ana María Ovejero Puente, Letrada Técnica Asesora da Área de Migración e Igualdade de Trato do Defensor del Pueblo.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
 Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
 Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](#) – Twitter: [@AlcerOurense](#)




Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Webinar “Enfermedad Renal, Covid-19 y experiencia del paciente”

O mércores 29 de abril as 17: horas da tarde o persoal técnico de asociación participou nun seminario web sobre “[Tratamiento Enfermedad Renal, Covid-19 y experiencia del paciente](#)” realizado a través de Federación Nacional ALCER.

Nel contou coa presenza da Doctora María Dolores Arena, Experta en de hemodiálise e Xefa de Sección de Nefroloxía Clínica e Diálise do Hospital del Mar de Barcelona, a Doctora Marta Crespo, Experta en transplante renal e Xefa da Sección de Transplante Renal do Hospital del Mar de Barcelona e o Doctor Mario Prieto, Experto en terapias domiciliarias de diálise e Xefe do Servizo de Nefroloxía do Hospital Universitario de León .



Webinarios Fundación CERMI Mujeres

O grupo da Muller de Federación ALCER do que é membro a nosa traballadora social, participou durante todo o ano no ciclo de webinarios co título “No Estás Sola” organizado pola fundación CERMI Mujeres.


ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: @AlcerOurense



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Dende o día 29 de abril participouse, cada semana e, tras un tempo, quincenalmente, nestes obradoiros que contaron cunha temática específica en cada sesión e que estivo dispoñible para todas aquelas mulleres con discapacidade que tiveron interese nos diferentes temas propostos. Contouse en cada edición coa participación de testemuñas tanto do noso continente como do latinoamericano.

O seu obxectivo foi o de xerar en espazos de análise e debate sobre os efectos da pandemia provocado polo COVID- 19, dándolle importante consideración á situación das mulleres e nenas con discapacidade nos diversos ámbitos.



su bienestar y ofertarles programas de interés, como
clubes de mayores, vacaciones

Encontros de profesionais ALCER:

A Federación Nacional ALCER organizou os días 27 e 28 de maio unhas Xornadas on-line para traballadores sociais nas que estivemos participando e aprendendo para mellorar a atención social que prestamos.


Nestas Xornadas, continuación das xa celebradas no 2019, a traballadora social de ALCER Ourense e colaboradora da Federación ALCER Galicia, Carmen Dorado, preparou unha

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

presentación da xestión e organización da devandita Federación; por outra banda ampliáronse contidos relacionados coa xestión económica do financiamento. No segundo día tamén se falou da importancia do rexistro de datos e da súa utilidade, ademais de coñecer da man da traballadora social de ALCER Málaga o programa que esta entidade está desenvolvendo en ERCA.



Webinar “Todo o que necesitas saber sobre transplante renal e COVID-19”



O martes, 2 de xuño, tanto as profesionais da asociación como os pacientes participaron no seminario web sobre “[Todo o que necesitas saber sobre transplante de Ril e COVID- 19](#)” que se levou a cabo a través da Federación Nacional ALCER.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

O seminario contou coa participación da Dra Marta Crespo Barrio, experta en transplante renal de adultos e a Dra. Gema Ariceta Iraola experta en transplante renal pediátrico,, quen es o finalizar a sesión adicaron uns minutos a resolver as dúbidas dos asistentes a esta formación.



Webinar “Transplante renal e Covid-19”

O mércores 16 de xuño participouse no webinar da Federación Nacional ALCER sobre transplante renal e Covid-19 no que un colaborador da Universidade de Alcalá nos falou dos fundamentos de dereito que permiten ás persoas con transplante acollerse a permisos a causa da Covid-19 e no que as técnicas de emprego da propia Federación nos deron as pautas para solicitar a baixa así como responderon as diferentes inquedanzas de participantes. O webinar está dispoñible para a súa visualización no [Youtube de ALCER TV](#).

33 Xornadas Nacionais de Persoas Renais

Os días 28 e 29 de outubro, tanto o persoal técnico como socios e socias da entidade participamos na 33ª edición das Xornadas para persoas con enfermidade renal que organiza a nosa Federación Nacional. Ao longo destes 2 días puidemos escoitar diferentes expertos e expertas tratando temas como a Covid-19, da que se nos expuxeron os datos de afectación en persoas con enfermidade renal, como o viviron tanto pacientes como profesionais, a súa relación coa nutrición e a ERC, e participando tamén varias persoas que sobreviviron á enfermidade contando a súa testemuña. Por outra banda tamén se relataron experiencias de persoas que optaron por tratamentos domiciliarios (hemodiálise domiciliaria e diálise peritoneal), que nestes momentos son “libres de Covid”.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense


O segundo día das Xornadas foi adicado á presentación dun manual que será distribuído en todo o Estado así como no estranxeiro sobre o acceso vascular para persoas con ERC, un manual adaptado ao paciente. Tamén se falou no transplante de vivo, da resistencia aos antibióticos e da vacinación, tan importante nos tempos que vivimos. O último bloque foi adicado á investigación na glomerulonefrite e aos avances nos tratamentos de cara aos 10 próximos anos.

As Xornadas remataron coa entrega de Premios da Fundación Renal ALCER e da Insignia de Ouro da Federación Nacional ALCER.

O contido destas Xornadas está dispoñible para a súa visualización:

[33ª Xornada ALCER: día 1](#)

[33ª Xornada ALCER: día 2](#)



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)





Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Webinar “Mujer y ERC”

O Grupo da Muller da Federación Nacional ALCER, do que forma parte a coordinadora de ALCER Ourense, organizou o 1º Webinar “[Muller e ERC](#)” en formato virtual o día 19 de novembro de 2020.

Nesta primeira sesión, na que estaban inscritas máis de 160 persoas e na que participaron máis de 300 persoas a través de Zoom e de Youtube, colaboraron técnicas da propia Federación Nacional ALCER presentando un estudio realizado a mulleres de todas España para determinar o perfil da muller con enfermidade renal; unha sexóloga que nos falou do sistema reprodutor da muller, a influencia da ERC no desexo sexual e deu unhas pautas para mellorar a vida sexual e aumentar ese desexo; tamén se contou cunha obstetra que centrou a ponencia na hipertensión arterial no embarazo e vinculando coa enfermidade renal. Ao finalizar as exposicións as participantes puideron plantexar as súas dúbidas e preguntas nun debate final.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Webinar Presentación “Cáncer Renal y alimentación. Manual para pacientes y familiares”

A Federación Nacional ALCER presentou o Manual para pacientes e familiares sobre cancro renal e alimentación o pasado 16 de decembro de 2020. Unha presentación á que foron convidados os socios e socias de ALCER Ourense e no que participou tamén o noso equipo técnico.

Durante a presentación fíxose fincapé en seguir hábitos de vida e en particular de alimentación, saudables, no mantemento no tempo dos mesmos e na importancia do equipo multidisciplinar na atención sanitaria para mellorar a adherencia ao tratamento, que de por si é moi complexo nas persoas con cancro.

Este Manual está dispoñible na nosa entidade.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: @AlcerOurense




Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

8. OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPAMOS

CONSELLO ASESOR DE PACIENTES DO CHUO

O 29 de xaneiro celebrouse coa xerencia da área sanitaria de Ourense unha reunión extraordinaria do Consello Asesor de Pacientes que tivo lugar no salón de docencia do Novo Edificio de Hospitalización (Hospital Universitario de Ourense).

Nela presentouse o Plan de Humanización do CHUO cunha convocatoria ás mellores ideas e iniciativas de humanización para a área sanitaria para asociacións de pacientes. Por outra banda, a reunión incluíu a presentación da rendición de contas do 2019, co informe de xestión anual que contemplaba as dificultades atopadas, os logros conseguidos e os obxectivos a alcanzar en 2020. Por último, dende a xefatura de servizo de atención ó paciente e humanización falóusenos do Plan de voluntariado que se está poñendo en funcionamento na área sanitaria e para rematar a reunión finalizou coa quenda de rogos e preguntas.



PROMOVE E ORGANIZA:

CHUO

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

SINATURA DE CONVENIO DE VOLUNTARIADO NO CHUO

O 12 de febreiro a nosa entidade foi invitado á sinatura de Convenio de voluntariado do CHUO, no que participaron tanto o Conselleiro de Sanidade como a de Política social nun acto no que participamos o movemento asociativo sociosanitario de Ourense como profesionais do propio complexo hospitalario.



PROMOVE E ORGANIZA:

CHUO

AULA SOCIOSANITARIA CHUO

O 18 de febreiro o persoal técnico de ALCER estivo no CHUO nunha charla impartida pola asociación Derecho a morir dignamente, falando de instrucións previas ou testamento vital, no marco das aulas sociosanitarias organizadas polo servizo de traballo social.



PROMOVE E ORGANIZA:

SERVIZO DE TRABALLO SOCIAL DO CHUO

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

PRESENTACIÓN DE DATOS DA OCT

O mércores 4 de marzo 2020 a traballadora social de ALCER Ourense asistiu á presentación de datos 2019 da Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia para darnos ás asociacións que traballamos pola doazón de órganos os resultados do ano que acababa de finalizar. Saíu moi satisfeita do traballo realizado por todas as entidades xa que por primeira vez dende o ano 2001 a media das negativas familiares en Galicia é inferior á media española e un pouco desilusionada cos datos na provincia de Ourense xa que pasamo de 3 a 2 doadores en todo o ano na nosa provincia.



PROMOVE E ORGANIZA:

OFICINA DE COORDINACIÓN DE TRANSPLANTES DE GALICIA

XORNADA “XERACIÓN IGUALDADE: O PAPEL DAS MULLERES PIONEIRAS”

A Deputación de Ourense, con motivo do Día Internacional da Muller organizou o día 6 de marzo no Centro Cultural Marcos Valcárcel unha xornada na que se incluíu unha mesa redonda conformada polas asociacións de AFAOR, AECC e ALCER Ourense. A nosa representante na mesa, e membro do Grupo da Muller ALCER da Federación Nacional ALCER explicou ás presentes as particularidades do tratamento renal, así como as

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

dificultades que conleva ser muller con enfermidade renal, as do tratamento, a nivel persoal, laboral, etc... pero tamén o papel das mulleres coidadoras dos homes que teñen a enfermidade. Aproveitouse para resaltar o traballo que dende o Grupo da Muller se está desenvolvendo.



PROMOVE E ORGANIZA:

DEPUTACIÓN DE OURENSE

VI FORO PREMIOS AFECTIVO EFECTIVO

O pasado 16 de xuño de 2020 participamos no foro de [Premios Afectivo efectivo de Janssen](#) que se celebrou en streaming, debido ás restricións sanitarias causadas pola Covid-19.

Alí falouse da filosofía do Dr. Albert Jovell que está baseada na empatía, dignidade, humanización e na participación do paciente no seu tratamento, o modelo afectivo-efectivo.

Ademais, puidemos descubrir iniciativas innovadoras que se están levando a cabo.



PROMOVE E ORGANIZA:

JANSSEN

[ALCER Ourense](#): CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](#) – Twitter: [@AlcerOurense](#)

I PREMIOS DE INNOVACIÓN EN SAÚDE DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

Na mañá do 17 de xuño celebrouse al [I edición de entrega de Premios de Innovación en Saúde](#) do sistema público de Saúde de Galicia. A esta convocatoria presentáronse uns 70 proxectos, dos que foron seleccionados 11 e entregándose premio a dous deles, un na modalidade de asociacións de pacientes e outro na de profesionais.

Ademáis, anunciouse a inminente convocatoria da segunda convocatoria e que a próxima edición realizarásese dende o hospital Lucus Augusti.



PROMOVE E ORGANIZA:

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

AXENCIA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

PREMIOS HUMANIZACIÓN CHUO

Dende a Xerencia da área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Baldeorras, a través da asociación de Amigos da área sanitaria de Ourense, promoveron, baixo o patrocinio de AstraZeneca, a I Convocatoria do Concurso ás mellores ideas e iniciativas de humanización para asociación de pacientes.

O xoves, 2 de xuño, a traballadora social de ALCER Ourense acudiu as instalacións do Hospital de Ourense (CHUO) para levar a cabo a presentación do proxecto “NefroHumana”, un proxecto de mellora integral na área de nefroloxía.



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

Temos que destacar que competimos con 57 proxectos; 37 de profesionais e 20 de outras asociacións. A fase final pasaron 16 proxectos, entre os que se atopaba o noso. E importante mencionar que fomos partícipes de grandes traballos doutros compañeiros/as do noso ámbito como son ACCU Ourense, Anedia Galicia e AECC de Ourense.

Sentímonos moi orgullosas de comunicarvos que o noso proxecto foi o GANADOR desta I Convocatoria levada a cabo na área de Ourense.



CHARLA CENTRO MÉDICO EL CARMEN. COVID-19: QUE APRENDEMOS?

O xoves 24 de setembro as traballadoras sociais, así como socios e socias da asociación participaron nunha charla organizada polo Centro Médico El Carmen baixo o título: "Covid-19, que aprendemos?".


Realizada a través dunha plataforma virtual e moderada polo Dr. José Carlos Rodríguez Mouriz, puidemos escoitar ponencias de Carlos Mateos, que nos falou dos bulos que se difunden en medios de comunicación en relación a varias enfermidades, incluída a Covid-19, seguido do Dr. José Ramón González-Juanatey, que nos aclarou cal é a relación entre esta enfermidade e as patoloxías cardiovasculares e como afectou a pandemia nas consultas desta especialidade. Por outra banda, o Dr. Juan González Lamela fixo fincapé na prevención e na incidencia que está tendo a segunda ola da enfermidade, e finalmente o Dr. Joaquín Lamela,

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

neumólogo, deunos indicacións en relacións ás medidas de protección, entre outras. Ao longo das ponencias tamén se mencionou a vacina e outras medicacións que se usan como tratamento.



PROMOVE E ORGANIZA:

CENTRO MÉDICO EL CARMEN

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)




Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

WEBINARIOS COMPASS

CAPTACIÓN DE FONDOS PRIVADOS

Para poder manter os servizos que ofertamos na asociación a nosa coordinadora participou o pasado 1 de outubro nun webinar sobre captación de fondos, para atopar novas vías de financiación que nos permitan seguir atendendo ás persoas con enfermidade renal da provincia, dando apoio e información.




SINERXIAS PARA A SOSTEÑIBILIDADE

Nesta segunda sesión de webinarios organizada por Compass tivemos a ocasión de formarnos sobre a cooperación entre entidades e as alianzas con empresas como fontes de diversificación de financiamento e como modelo para ter unha entidade sosteñible que non dependa exclusivamente da convocatoria de subvencións. Esta formación abarcou contidos teóricos así como exemplos de prácticas reais que se están dando noutras entidades.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense



PROMOVE E ORGANIZA:

PLATAFORMA COMPASS


CICLO DE WEBINARS SOBRE SOIDADE NON DESEXADA E DISCAPACIDADE

A coordinadora e a traballadora social voluntaria da Asociación participaron nos meses de outubro e novembro nun ciclo de webinars que ambas partes levaron a cabo durante seis venres para abordar o binomio soidade e discapacidade dende diferentes puntos de vista. As sesións foron realizadas nos seguintes días coa seguintes temáticas:

- 9 de outubro: As persoas con discapacidade maiores I
- 16 de outubro: As persoas con discapacidade maiores en tempos de pandemia, parte II
- 23 de outubro: A discriminación percibida polo alumnado universitario con discapacidade
- 30 de outubro: O suicidio, o maior fracaso social
- 6 de novembro: A soidade forzosa das mulleres con discapacidade
- 13 de novembro: O acoso escolar como factor de soidade nas nenas, nenos e adolescentes con discapacidade



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense



PROMOVE E ORGANIZA:

REAL PATRONATO DE LA DISCAPACIDAD

CERMI

ANDAINA SOLIDARIA DE VEREA

O Concello de Verea organizou unha Andaina Solidaria a favor da nosa asociación o 11 de outubro de 2020.


Nesta II edición os e as participantes doaron a inscrición, participando 93 persoas das máis de 130 inscritas. O percorrido que foi de 9 km estaba dividido en 3 tramos de 3km cada un aproximadamente.

Dende a asociación non se puido acudir ao evento debido ás restricións sanitarias que confinaron os Concello de Ourense e e Barbadás, pero conste o agradecemento da nosa entidade á organización e participantes.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense



PROMOVE E ORGANIZA:

CONCELLO DE Verea

FORMACIÓN: “COMO DIFUNDIR A NOSA ENTIDADE”

A visibilidade das nosas entidades e actividades é fundamental para darlle difusión ás nosas actividades e lograr un maior impacto nas nosas campañas de sensibilización. Ademais, hoxe

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330


alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

en día, e máis tendo en conta o contexto de pandemia no que nos atopamos, as novas tecnoloxías son unha ferramenta imprescindible para alcanzar o máximo de persoas ás que facer chegar a nosa mensaxe.

Por elo a nosa traballadora participou nesta formación, impartida en formato virtual dende COGAMI o 28 de outubro, para reciclarse e manexar con máis eficiencia e eficacia tanto a nosa web como as nosas redes sociais.



PROMOVE E ORGANIZA:

COGAMI

DÍA MUNDIAL DA DIABETE

O 14 de novembro acompañamos as compañeiras da Asociación Diabética Auria no seu Día, a través das redes sociais, colaborando coa elaboración dun vídeo feito polas traballadoras sociais de ALCER no que indican que é para elas a Diabetes, a importancia do papel da

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

enfermería, xa que este ano a celebración ía adicada a este colectivo, así como o papel das asociacións de pacientes e outras cuestións.

Accede ao [vídeo](#) nesta ligazón ao Youtube de ALCER Ourense.

PROMOVE E ORGANIZA:

ASOCIACIÓN DIABÉTICA AURIA

I XORNADA DE HUMANIZACIÓN NO SERGAS

O día 3 de decembro ás 16.30 horas tivo lugar esta I Xornada dende o salón de actos de ACIS en Santiago de Compostela e na que participou a nosa coordinadora.

Foi o punto de encontro para que profesionais de todas as áreas sanitarias e organizacións do Servizo Galego de Saúde puideran intercambiar e compartir modos de actuación, experiencias e proxectos, poñendo en valor a súa profesionalización e vocación, co único fin de proporcionar a mellor asistencia posible a pacientes.

Dada a situación que se viviu no 2020, a Xornada desenvolveuse de xeito virtual.



PROMOVE E ORGANIZA:

Servizo Galego de Saúde



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)

I XORNADA LOITANDO CONTRA A POBREZA DENDE O RURAL

Baixo o lema ‘Loitando contra a pobreza e a exclusión social dende o rural’, EAPN España e EAPN Galicia, en colaboración coa Federación Terra e Xente, organizaron, o 4 de decembro, unha xornada práctica sobre medidas para frear a pobreza, a exclusión e o abandono do medio rural.

O obxectivo desta actividade foi o deseño de propostas para garantir a loita contra a pobreza e a exclusión así como o acceso á vivenda accesible e ao emprego inclusivo.

Dende unha visión positiva e propositiva abordáronse estes eidos a través dun diálogo inicial moderado pola presidenta de COCEDER España, Tamara Balboa, xunto con representantes técnicos das Consellerías de Medio Rural e Política Social, un panel de experiencias e, por último, traballo en grupos no que as persoas participantes puideron validar as demandas xa prantexadas dende EAPN ás distintas forzas políticas, así como identificar novas propostas e medidas de actuación.



PROMOVE E ORGANIZA:

EAPN Galicia




Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

CONSELLO ASESOR DE PACIENTES

Na tarde do 22 de decembro a Consellería de Sanidade convocou unha reunión do Consello Asesor de pacientes, do que forma parte ALCER Ourense, para explicarnos o Plan de Vacinación da COVID-19 en Galicia.

Ao longo da hora que durou a sesión virtual falouse da vacina (farmacéutica, eficacia, efectos adversos, etc) así como das características do persoal que a vai administrar, a súa formación e a infraestrutura necesaria, así como das fases de implantación, detallando a primeira fase e indicándonos que a segunda fase aínda non estaba definida no Consello Interterritorial.



PROMOVE E ORGANIZA:

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra
as Enfermidades Renais de Ourense

9. ASISTENCIA A ACTOS E REUNIÓN

Para que unha entidade teña visibilidade e para que os seus servizos e actividades funcionen é necesaria ter creada unha estrutura organizativa que permite un axeitado funcionamento. Para elo cada entidade debe ter unha Xunta Directiva que se reúne periodicamente e que tome as decisións pertinentes en relación ás actividades e ó desenvolvemento das cuestións que van xurdindo.

Por outra banda, tamén moitas de nós, pertencemos a Federacións, provinciais, autonómicas ou estatais, coas que mantemos reunións.

